

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11501** *Real decreto lei 15/2017, do 6 de outubro, de medidas urxentes en materia de mobilidade de operadores económicos dentro do territorio nacional.*

#### I

A regra tradicional en materia de modificación dos estatutos das sociedades mercantís é que a competencia para adoptar este tipo de decisións corresponde á xunta xeral. Non obstante, xa o artigo 105 do Regulamento do Rexistro Mercantil do 14 de decembro de 1956 dispuxo que non tería carácter de modificación estatutaria para tal efecto o traslado do domicilio da sociedade «dentro da mesma poboación, salvo pacto estatutario en contrario». Este criterio é o que consagrou o lexislador cando, no artigo 149 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 decembro, lles atribuíu aos administradores, salvo disposición contraria dos estatutos, a facultade de acordar o traslado de domicilio dentro do mesmo termo municipal, sen prexuízo de deixalo suxeito á obrigada constancia en escritura pública e inscrición. A Lei 9/2015, do 25 de maio, de medidas urxentes en materia concursal, avanzou nesta liña ao modificar o artigo 285, número 2, do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, ampliando a competencia do órgano de administración aos cambios de domicilio social dentro do territorio nacional, pero limitando de novo esta competencia a que non existise unha disposición contraria nos estatutos.

#### II

Transcorridos máis de dous anos desde a aprobación da reforma, e tendo en conta que a evolución favorable da situación económica favoreceu un crecente proceso de aceleración da mobilidade xeográfica das nosas empresas, detectouse a existencia de discrepancias na súa interpretación. Estas diverxencias ralentizaron a inscrición do cambio de domicilio social no Rexistro Mercantil, privando a reforma, polo menos en parte, da súa buscada efectividade. Así, existe unha liña interpretativa que considera que é unha «disposición contraria» á competencia do órgano de administración a previsión contida nos estatutos sociais que lle atribúen á xunta xeral a facultade de acordar o cambio de domicilio social. Esta previsión constitúe, en moitas ocasións, unha mera transcripción da tradicional competencia prevista historicamente na lexislación mercantil, anterior á citada reforma lexislativa. Fronte a esta liña, existe un criterio interpretativo que resulta máis acorde coa finalidade perseguida pola reforma introducida pola Lei 9/2015, conforme o cal a mera reprodución nos estatutos da regulación legal supletoria é indicativa da vontade dos socios de se suxeitaren ao réxime supletorio vixente en cada momento. Neste caso, tal «disposición contraria» só existiría cando se modificasen os estatutos posteriormente para apartarse de forma expresa do réxime legal supletorio.

#### III

Partindo da situación descrita, e co obxecto de garantir que unha norma manifestamente dinamizadora da actividade empresarial poida desprezar todo o seu potencial e, polo tanto, poida ser aplicada coa maior celeridade posible cando se considere necesario adoptar esta decisión operativa, é imprescindible dotar o artigo 285 da Lei de sociedades de capital dunha redacción clara, conforme a cal non existan dúbidas de que a regra xeral é que o cambio de domicilio social dentro do territorio nacional é unha competencia que corresponde orixinariamente ao órgano de administración da sociedade

e de que só se os accionistas consideran que esta regra se debe modificar o deben establecer nos estatutos, negando expresamente esta competencia ao órgano de administración. Por isto, o único artigo deste real decreto lei modifica o citado precepto dándolle unha redacción acorde con estas exixencias.

Adicionalmente, introdúcese unha disposición transitoria que regula o réxime dos estatutos que se aprobasen antes da entrada en vigor da reforma, nos cales se considerará que existe disposición estatutaria en contrario só cando, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, se aprobase unha modificación que expresamente declare que o órgano de administración non ten a competencia para cambiar o domicilio social dentro do territorio nacional.

#### IV

A extraordinaria e urxente necesidade da medida vén xustificada pola exixencia de garantir a plena vixencia do principio de liberdade de empresa consagrado no artigo 38 da Constitución, así como de respectar a prohibición de adoptar medidas que obstaculicen a liberdade de establecemento dos operadores económicos prevista no artigo 139 da Constitución. Por conseguinte, débese evitar que as diverxencias interpretativas e as controversias societarias demoren a eficacia do traslado do domicilio dentro do territorio español para consolidar a unidade do mercado. Esta necesidade é especialmente perentoria atendendo ao incremento de movementos societarios que se produce no último trimestre de cada ano, ao adoptaren as nosas empresas decisións de planificación estratéxica cuxa implantación require en moitas ocasións o traslado do domicilio social e que, no contexto actual, poden vir motivadas polas especiais circunstancias que caracterizan o momento en que esta norma vai entrar en vigor.

Por todo isto, concorren nas medidas que se adoptan, pola súa natureza, finalidade e polo contexto en que se ditan, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

O artigo 285.2 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, queda redactado como segue:

«2. Por excepción ao establecido no punto anterior, o órgano de administración será competente para cambiar o domicilio social dentro do territorio nacional salvo disposición contraria dos estatutos. Considerarase que hai disposición contraria dos estatutos só cando estes establezan expresamente que o órgano de administración non ten esta competencia.»

*Disposición transitoria única. Réxime dos estatutos aprobados antes da entrada en vigor deste real decreto lei.*

Para os efectos previstos no artigo 285.2 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, na redacción dada por este real decreto lei, entenderase que hai disposición contraria dos estatutos só cando con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei se aprobase unha modificación estatutaria que expresamente declare que o órgano de administración non ten a competencia para cambiar o domicilio social dentro do territorio nacional.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 6.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil e procesual e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY